

**13º Congreso Internacional de Lingüística Misioneira:
Chamada de contribucións para a Salvagarda do Patrimonio Lingüístico e
Cultural Mundial**

Universidade de Vigo, España (31 de marzo–1 de abril de 2027))

Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Vila Real, Portugal (2–3 de abril de 2027)

O comité organizador do 13º Congreso Internacional de Lingüística Misioneira convida á comunidade académica a presentar propostas de comunicacións individuais, paneis temáticos e pósteres para a edición de 2027, organizada conxuntamente polo Instituto de investigación Lingua da Universidade de Vigo e polo Centro de Estudos en Letras (CEL), con sede na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, en Vila Real.

Este congreso dá continuidade a unha longa tradición de doce encontros internacionais dedicados ao estudo da lingüística misioneira, unha serie creada e coorganizada de maneira continuada por Otto Zwartjes. As edicións anteriores celebráronse en Oslo (Noruega, 2003), São Paulo (Brasil, 2004), Macau/Hong Kong (China, 2005), Valladolid (España, 2006), Mérida (México, 2007), Toquio (Xapón, 2010), Bremen (Alemaña, 2012), Lima (Perú, 2014), Manila (Filipinas, 2016), Roma (Italia, 2018), La Pampa, Santa Rosa (Arxentina, 2020) e Hsinchu (Taiwán, 2025). Como nas edicións anteriores, acéptanse investigacións que abranguen unha ampla variedade de rexións, tradicións descritivas e períodos históricos.

Situada na confluencia da historiografía da lingüística, da lingüística histórica e da sociolingüística histórica, a lingüística misioneira procura comprender como – e con que obxectivos – os misioneiros occidentais documentaron e analizaron linguas ata entón descoñecidas en contextos asiáticos, americanos e africanos. As fontes primarias particularmente relevantes inclúen gramáticas, dicionarios, manuais de ensino, catecismos e traducións relixiosas a linguas locais, que frecuentemente constitúen as primeiras codificacións escritas desas linguas.

A edición de 2027, baixo o lema ‘Contribucións para a salvagarda do patrimonio lingüístico e cultural mundial’, pretende fomentar o debate sobre a relevancia científica, política e ética contemporánea dos materiais misioneiros, así como reflexionar sobre o modo en que estes contribúen á comprensión e preservación do patrimonio lingüístico global. Aceptaranse propostas que analicen as tradicións descritivas misioneras, os contextos de produción e a circulación das obras metalingüísticas, a súa materialidade, os modelos gramaticais e lexicográficos, as relacións entre misioneiros e comunidades locais, e maillos os procesos de tradución e as dinámicas interculturais resultantes destes encontros. Serán tamén moi ben acollidas contribucións que exploren metodoloxías das humanidades dixitais, prácticas de preservación, edición e catalogación de coleccións históricas, así como enfoques críticos ou decoloniais do legado misioneiro, especialmente cando se relacionen cos debates actuais sobre xustiza lingüística e diversidade cultural, incluíndo iniciativas internacionais que promoven o recoñecemento da diversidade lingüística como fundamento para sociedades máis xustas e sostibles.

O congreso diríxese especialmente á participación de persoal investigador novo, co obxectivo de promover a renovación da disciplina e reforzar as redes académicas internacionais que teñen sustentado o crecemento e a consolidación dos estudos en Lingüística Misioneira.

Linguas de traballo

As presentacións poderán realizarse en portugués, inglés, español, galego e francés.

Modalidades de participación

- Comunicaci3ns individuais: 20 minutos + 10 minutos de debate
- Paneis temáticos: 3 a 5 presentaci3ns
- P3steres: sesi3n específrica

Envío de resumos

As persoas proponentes deberán enviar un resumo de entre 200 e 300 palabras, que inclúa:

- título
- nome/s dos/as autores/as
- afiliaci3n/s
- palabras chave
- modalidade da proposta (comunicaci3n, panel ou póster).

<https://icml-xiii.utad.pt/abstract-submission/>

Datas importantes

- Prazo de envío de resumos: 31 de agosto de 2026
- Notificaci3n de aceptaci3n: 30 de novembro de 2026
- Inscripci3n anticipada: 31 de xaneiro de 2027
- Inscripci3n final: 28 de febreiro de 2027

Sedes do congreso

- Universidade de Vigo (UVigo), Vigo: 31 de marzo – 1 de abril de 2027
- Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), Vila Real: 2–3 de abril de 2027

(Facilitarase transporte entre Vigo e Vila Real)

Taxas de inscripci3n

- Participante con comunicaci3n (ata 31/01/2027): 100€
- Participante con comunicaci3n (a partir do 01/02/2027): 125€
- Estudante de doutoramento con comunicaci3n (ata 28/02/2027): 50€
- Membros do Comité organizador/executivo e do Comisi3n científica: gratuito
- Participante sen comunicaci3n: gratuito
- Cea do Congreso (Vila Real): 40€

Organizaci3n

- **Centro de Estudos em Letras (CEL UTAD-UÉvora)**
- **Escola de Ciências Humanas e Sociais, UTAD (ECHS-UTAD)**
- **Departamento de Lingua Española, UVigo (DEL, UVigo)**
- **Instituto de Investigación Lingua, Universidad de Vigo (iLingua-UVigo)**
- **Laboratoire d'Histoire des théories linguistiques (HTL, UMR7597, CNRS, Université Paris Cité, Université Sorbonne Nouvelle)**
- **Biblioteca Virtual de la Filología Española, UCM (BVFE)**
- **Sociedad Española de Historiografía Lingüística (SEHL)**

Comité organizador/executivo

Assunção, Carlos (CEL-UTAD), cassunca@utad.pt
Bae, Eun Mi (CEL-UTAD), baeeunmi@yahoo.no
Báez Montero, Inmaculada Concepción (ILingua-UVigo), cbaez@uvigo.gal
Canelas, Marco (Realvitur), marcocanelas@realvitur.pt
Fernandes, Gonçalo (CEL-UTAD), gf@utad.pt
Fonseca, Maria do Céu (CEL-UÉvora), cf@uevora.pt
García Aranda, María Ángeles (BVLE, SEHL), magaranda@filol.ucm.es
Pérez Guerra, Javier (ILingua-UVigo), jperez@uvigo.gal
Pérez Rodríguez, María Rosa (UVigo), rosa@uvigo.gal
Riveiro Lema, María Dolores (URJC / CEL-UTAD), dolores.riveiro.lemma@urjc.es
Sueiro Justel, Joaquín (UVigo), jsueiro@uvigo.gal
Teixeira, Michael (Realvitur), michaelteixeira@realvitur.pt
Zwartjes, Otto (HTL, UMR7597, CNRS, Université Paris Cité et Université Sorbonne Nouvelle), otto.zwartjes@u-paris.fr

Comité científico

Altman, Cristina, altman@usp.br
Assunção, Carlos, cassunca@utad.pt
Báez Montero, Inmaculada Concepción, cbaez@uvigo.gal
Chevallard, Jean-Luc, jean-luc.chevallard@uni-hamburg.de
Döhla, Hans-Jörg, hans-joerg.doehla@romanistik.uni-tuebingen.de
Esparza Torres, Miguel Ángel, miguelangel.esparza@urjc.es
Fernandes, Gonçalo, gf@utad.pt
Fernández Rodríguez, Rebeca, r.fernandezrodriguez@uu.nl
Fonseca, Maria do Céu, cf@uevora.pt
García Aranda, María Ángeles, magaranda@filol.ucm.es
Gianninoto, Mariarosaria, mariarosaria.gianninoto@univ-montp3.fr
Kishimoto, Emi, kishimoto.hmt@osaka-u.ac.jp
Klöter, Henning, henning.kloeter@hu-berlin.de
Lee, Fabio Yuchung, editor@monsoonasianstudies.com
Maruyama, Toru, ryosati@ic.nanzan-u.ac.jp
Monzón, Cristina, cmonzon@colmich.edu.mx
Moore, David Campbell, moored03@bigpond.com
Muru, Cristina, cristina.muru@unitus.it
Pérez Rodríguez, María Rosa, rosa@uvigo.gal
Regúnaga, Alejandra, aregunaga@gmail.com
Ridruejo, Emilio, ridruejo@fyl.uva.es
Sueiro Justel, Joaquín, jsueiro@uvigo.gal
Toyoshima, Masayuki, mtoyo@joao-roiz.jp
Troia, Paolo de, paolo.detroia@uniroma1.it
Uchida, Keiichi, u_keiichi@mac.com
Van Hal, Toon, toon.vanhal@kuleuven.be
Zwartjes, Otto, otto.zwartjes@u-paris.fr